

**I. DISPOSICIÓN XERAIS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

*ORDE do 29 de decembro de 2023 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, prevé nos seus artigos 21 e 29 a realización dunha avaliación de diagnóstico de carácter censual que se deberá levar a cabo en todos os centros educativos que impartan educación primaria e/ou educación secundaria obrigatoria. Pola súa parte, o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, determinan nos artigos 23 e 27, respectivamente, a realización deste proceso avaliativo. A dita avaliación versará sobre as competencias adquiridas polo alumnado e deberá dar lugar a propostas de actuación por parte dos centros encamiñadas a que o alumnado alcance as competencias establecidas, que permitan adoptar medidas de mellora e que orienten a práctica docente.

A avaliación de diagnóstico posúe carácter informativo, formativo e orientador para os centros, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais e para o conxunto da comunidade educativa. A súa finalidade última é contribuír á mellora da calidade e da equidade da educación, a través do coñecemento do grao de adquisición das competencias adquiridas polo alumnado. A súa realización pretende suscitar a reflexión sobre a práctica educativa e orientar procesos de transformación e mellora. En ningún caso substitúe a avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe que comunmente se desenvolve nos centros educativos, senón que complementa o coñecemento que aquela proporciona e promove que a toma de decisións posterior sexa máis axustada á realidade de cada centro.

Nesta liña, as citadas normas establecen que corresponde ás administracións educativas desenvolver e controlar as avaliacións de diagnóstico en que participen os centros delas dependentes e proporcionar os modelos e apoios pertinentes co fin de que todos os centros poidan realizar de xeito adecuado estas avaliacións, que terán carácter formativo e interno.

A presente orde axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións



públicas, e aos instrumentos para a mellora da calidade normativa mencionados no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Respecto aos principios de necesidade e eficacia, trátase dunha norma necesaria para concretar o marco normativo autonómico establecido polo Decreto 155/2022, do 15 de setembro, e polo Decreto 156/2022, do 15 de setembro. Cumprindo co principio de proporcionalidade, contén a regulación imprescindible para acadar o seu obxecto e non existe ningunha alternativa reguladora menos restritiva de dereitos. Conforme o principio de seguridade xurídica, resulta coherente co ordenamento xurídico actual. Así mesmo, a orde respecta o principio de eficiencia ao permitir unha mellor xestión dos recursos públicos. Cumpre tamén cos principios de transparencia e accesibilidade, que se garantiron a través do trámite de consulta pública previa e a exposición do proxecto no portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 41.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

En consecuencia, como conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, facendo uso das competencias que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e da habilitación contida na disposición derradeira segunda do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e na disposición derradeira segunda do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia,

#### ACORDO:

##### Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. O obxecto desta orde é establecer as condicións e o procedemento de realización da proba de avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A finalidade da avaliación de diagnóstico é contribuír a determinar o nivel adquirido polo alumnado nas competencias das distintas áreas e materias de cara a promover que os centros elaboren propostas de actuación que contribúan a mellorar o nivel acadado polo seu alumnado nas ditas competencias, adopten medidas de mellora da calidade e da equidade da educación e orienten a práctica docente. En consecuencia, terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros, para o profesorado, para o alumnado e as súas



familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. Así mesmo, carecerá de efectos académicos para o alumnado da Comunidade Autónoma de Galicia.

### Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. Esta proba realizarase en todos os centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan ensinanzas correspondentes ao cuarto curso de educación primaria e/ou segundo curso de educación secundaria obrigatoria.

2. Con carácter xeral, esta proba deberá ser realizada por todo o alumnado dos niveis referidos no punto anterior, agás naqueles casos que estableza o órgano superior ou de dirección competente en materia de avaliación do sistema educativo.

### Artigo 3. *Competencias obxecto da avaliación*

1. As probas realizaranse en consonancia co marco teórico común de avaliación que, segundo establece o artigo 144 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, elaborarán, en colaboración, o Instituto Nacional de Avaliación Educativa e os organismos correspondentes das comunidades autónomas.

2. As probas versarán sobre as competencias específicas a que se refire o marco teórico común de avaliación, que se corresponden cos obxectivos de área e de materia establecidos nos decretos 155/2022, do 15 de setembro, e 156/2022, do 15 de setembro, polos que se establecen, respectivamente, os currículos de educación primaria e educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A información que se obteña destas probas será tida en conta polos centros para elaborar propostas de actuación que contribúan a mellorar o nivel de consecución acadado polo seu alumnado respecto dos obxectivos de área e materia, e que permitan adoptar medidas de mellora da calidade e a equidade da educación, e orienten a práctica docente. Así mesmo, será tida en conta, xunto cos demais datos obtidos na avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe, para analizar, valorar e reorientar, se procede, as actuacións encamiñadas ao desenvolvemento do currículo da etapa.

4. O órgano superior ou de dirección competente en materia de avaliación do sistema educativo determinará en cada curso escolar cales serán as áreas e materias obxecto de avaliación.



**Artigo 4. *Datas de realización das probas***

O órgano superior ou de dirección competente en materia de avaliación do sistema educativo determinará en cada curso as datas en que se realizarán as probas.

**Artigo 5. *Comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico nos centros educativos***

1. Nos centros educativos que impartan as ensinanzas referidas no artigo 2.1 constituirase unha comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico, procurando a súa composición paritaria, formada polas seguintes persoas:

- a) Directora ou director do centro, que a presidirá.
- b) Xefes ou xefas de estudos de cada unha das etapas educativas impartidas no centro.
- c) Xefa ou xefe do Departamento de Orientación, de ser o caso.
- d) Un titor ou titora de cada un dos niveis que se avalían, nomeados pola dirección do centro.

2. As súas funcións serán as seguintes:

- a) Informar a comunidade educativa sobre o sentido e a finalidade da avaliación de diagnóstico.
- b) Coordinar o proceso desta avaliación no centro.
- c) Colaborar coa Administración educativa e cos servizos de inspección naqueles aspectos do proceso para os cales sexa requirida.

3. Esta comisión constituirase ao comezo de cada curso escolar e a súa composición reflectirase na correspondente programación xeral anual.

**Artigo 6. *Elaboración, aplicación e corrección das probas***

1. As probas serán elaboradas por un equipo de traballo formado por profesionais especializados/as no coñecemento das diferentes áreas e materias e o seu currículo. Pro-



curarase unha composición paritaria do dito equipo. As probas estarán constituídas por exercicios para cada unha das áreas, materias e cuestionarios de contexto dirixidos ao profesorado, á dirección do centro, ao alumnado e ás súas familias.

2. O órgano superior ou de dirección competente en materia de avaliación do sistema educativo ditará instrucións cada curso escolar sobre o procedemento de aplicación e corrección das probas nos centros educativos.

3. No desenvolvemento do proceso desta avaliación, os centros educativos contarán co apoio dunha plataforma informática habilitada para este fin.

#### Artigo 7. *Corrección de contraste*

Unha vez rematada a aplicación, codificación e corrección de todas as probas da avaliación de diagnóstico por profesorado dos respectivos centros educativos, o órgano superior ou de dirección competente en materia de avaliación do sistema educativo requirirá unha mostra significativa de exercicios das probas a todos os centros, co fin de realizar unha corrección de contraste que contribúa ao control da calidade do proceso.

#### Artigo 8. *Informes dos centros educativos*

1. Os centros educativos obterán, para cada nivel educativo, un informe de resultados no cal se achegará información sobre o nivel conxunto adquirido polo seu alumnado nas distintas competencias, tendo como referencia o nivel acadado polo alumnado de toda a Comunidade Autónoma para ese mesmo nivel educativo e competencia.

2. Os centros educativos, con base na información contida nos informes, serán os encargados de comunicar ás familias o resultado destas probas.

#### Artigo 9. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As probas conxugarán as normas legais dos preceptos educativos coas correspondentes ao dereito á intimidade, honra e protección de datos.

Os datos persoais recadados serán tratados, na súa condición de responsable, pola Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades coa finalidade de levar a cabo a avaliación de diagnóstico do sistema educativo establecida nos artigos 21 e 29 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recadaron.



O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, con base no disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Os datos poderán ser comunicados ás administracións públicas cando sexa estritamente necesario para o exercicio das súas competencias. Poderánselles comunicar ás empresas subministradoras de servizos relacionados coa avaliación de diagnóstico os datos persoais mínimos imprescindibles para a prestación de tales servizos.

No tratamento dos datos do alumnado aplicaranse normas técnicas e organizativas que garantan a súa seguridade e confidencialidade, de acordo coa disposición adicional primeira da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

#### Artigo 10. *Confidencialidade das probas*

1. Co obxecto de preservar a confidencialidade, establecerase un sistema restrinxido de acceso á información da plataforma informática dedicada ás avaliacións de diagnóstico a través da definición de perfís de usuario, de tal xeito que o acceso aos datos de cada centro quede reservado á consellería con competencias en educación e ao propio centro.

2. A dirección do centro educativo responsabilizarase da custodia dos cadernos e cuestionarios das probas, que deberán ser conservados durante un ano antes da súa destrución.

#### Artigo 11. *Análise dos resultados nos centros educativos*

Unha vez que os centros dispoñan do correspondente informe de centro, este será analizado na Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro. O contido do informe e a valoración que del faga a dita comisión serán trasladados aos diferentes órganos de coordinación didáctica do centro e ao Consello Escolar do centro, coa finalidade de que se leve a cabo a súa análise e se propoñan medidas de mellora. O proceso de concreción de melloras para adoptar, supervisado pola Inspección Educativa, concluirá coa súa incorporación no plan de mellora do proxecto educativo do centro.

#### Artigo 12. *Informe xeral*

A consellería con competencias en educación, a través dun informe técnico, detallará os resultados xerais do proceso de avaliación de diagnóstico realizada.



**Artigo 13. Seguimento da Inspección Educativa**

Os servizos de inspección provinciais velarán polo desenvolvemento correcto da avaliación de diagnóstico nos centros educativos e colaborarán en todo o proceso relativo ao seu seguimento. Así mesmo, participarán na corrección de contraste e asesorarán os centros na toma de decisións posterior á realización da proba, encamiñadas ao establecemento de accións de mellora.

**Disposición derogatoria única**

Queda derogada a Orde do 6 de outubro de 2010 (DOG do 15 de outubro) pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo***

Autorízase a persoa titular do órgano superior ou de dirección competente en materia de avaliación do sistema educativo para ditar cantas resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

**Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor***

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2023

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

